Resumo modificacións substanciais do PD en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas pola Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo

Cambios para a adaptación da memoria ao RD 99/2011 modificado polo RD576/2023 e ao novo regulamento de estudos de doutoramento.

As modificacións son as seguintes:

- *No apartado descrición do programa de doutoramento:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).
  Outras modificacións nos puntos seguintes: 1.4 Colaboracións.

- *No apartado de competencias:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).

- *No apartado acceso e admisión de estudantes:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).
  Outras modificacións nos seguintes puntos:
  3.1 Revisión do sistema de información previo. Incluír a acción de mellora proposta pola Comisión de Acreditación de posta en marcha de redes sociais propias con acceso aberto ao público (LINKEDIN) e que poidan ser unha vía de comunicación de todos os egresados do programa.
  3.1 Sistemas de información previo. Estandarizar un programa de acollida e información do Programa de Doutoramento aberto a todos os estudantes do programa e a interesados no programa. Acción de mellora proposta por recomendación da Comisión de Acreditación.
  3.2 Requisitos de acceso e criterios de admisión. Revisión dos requisitos específicos de acceso, dos criterios de selección para a admisión, e da documentación necesaria para solicitara admisión no programa.
  3.4 Complementos de formación. Actualizar os datos dos Máster nos que se pode completar a formación.

- *No apartado actividades formativas:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).

Outras modificacións nos seguintes puntos:
4.1 Actividades formativas. Revisión das actividades formativas ofertadas desde o programa para o seu encaixe nun plan formativo personalizado.
4.1 Elaboración dunha Guía Anual de Actividades Formativas relativa a actividades, cursos e seminarios de interese para os estudantes do Programa de Doutoramento. Suxestión da Comisión de acreditación.
4.1 Incluír como actividade formativa un Workshop anual de presentación de resultados intermedios, ampliando os obxectivos da Xornada de Seguimento de Doutorandos dos estudantes en segundo ano.

- *No apartado organización do programa:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).
  Outras modificacións nos seguintes puntos:
  5.2 Seguimento do doutorando: Mellora no seguimento do Plan de Investigación da tese. Tanto na primeira presentación do Plan de Investigación como en calquera modificación do mesmo, o estudante debe anexar unha análise pormenorizada de en que medida este encaixa nas liñas de investigación do programa.
  5.2 Seguimento do doutorando: Revisión da xornada de seguimento que o alumno debe facer ante un tribunal ao cabo de dous anos desde a súa admisión. Esta Xornada, a recomendación da Comisión de Acreditación, converterase nun Workshop anual de presentación de resultados intermedios, un foro de encontro de todos os estudantes do programa, e que formará parte tamén das súas actividades formativas.
  5.3 Normativa para a presentación e lectura de teses doutorais: No apartado de "Procedemento de autorización da defensa da tese" incluirase que previamente á súa autorización pola CAPD, abrirase un período de 10 días laborais para que os profesores do Programa fagan chegar á CAPD os seus comentarios sobre a tese para depositar.
  5.3 Revisión da composición do tribunal da tese. Incorporarase que, para garantir a coherencia coas liñas de investigación do programa, polo menos un dos tres primeiros membros propostos debe ser un profesor do programa.
  5.3 Revisión/inclusión dos requisitos de calidade das teses.

- *No apartado recursos humanos:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).
  Outras modificacións no punto seguinte:
  6.1 Liñas e equipos de investigación: Realizarase unha descrición máis detallada das tres liñas de investigación existentes no programa.

- *No apartado recursos materiais e apoio dispoñibles para os/as doutorandos/as:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).

Outras modificacións neste punto: Actualizar os recursos humanos, proxectos, contratos e de infraestruturas existentes.

- *No apartado revisión, mellora e resultados do programa:* Os cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados dos novos Regulamentos de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), UDC (aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024), e UVigo (aprobado en Consello de Goberno de 20/06/2024).

- Outras modificacións:

  8.2 Descrición do perfil dos egresados e das saídas profesionais do programa.
  8.2 Incluír un seguimento bianual dos egresados do programa nos últimos 5 cursos académicos.